



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE RIVEIRA O DÍA 5 DE OUTUBRO DO 2017.

ASISTENTES:

Presidente: D^a María Herminia Pouso Maneiro Membros que asisten: D. Manuel Emilio Pérez Outeiral D^a Elvira Pereira Ageitos D. Anxo Orellan Fernández D. Antonio Javier Jesús Freire Brión D. Víctor Reiriz Lampón D^a María Esther Patiño Rey	Interventor acctal.: D. Jorge González Mariño Secretario acctal.: D. José Martínez de Llano Orosa Membros que non asisten: D. Manuel Ruiz Rivas (Alcalde)
---	---

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Riveira, sendo as nove horas e trinta minutos do día cinco de outubro do dous mil dezasete, reúnen-se os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:


I.- APROBACIÓN DE ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES.

Foron aprobadas, por unanimidade dos presentes, as actas das sesións ordinarias de datas 31 de agosto de 2017, 7 de setembro de 2017 e 14 de setembro de 2017.

II.- FACTURAS E PROPOSTAS DE GASTO.

A) FACTURAS.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda aprobar o listado de facturas presentado polo Departamento de Intervención na data 03/10/2017, que será asinado polo secretario acctal. para constancia do seu contido, e que responde ao seguinte resumo:





Número de relación	2017 – 000037
Importe total	196.223,70 €
Número de facturas	108
1ª factura.	
Emisor (Cif)	14782354R
Importe	200,00 €
Última factura	
Emisor (Cif)	S1517002J
Importe	507,96 €

B) PROPOSTAS DE GASTO.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** prestar a súa aprobación aos orzamentos presentados segundo as propostas que a continuación se relacionan:

Nº Proposta		1	Data	03/10/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Promoción Económica Manuel Emilio Pérez Outeiral		
DESCRICIÓN DO GASTO		Subministración de libros co motivo da celebración do curso de "Atención Socio sanitaria a persoas no domicilio"		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	IDEAS PROPIAS, S.L.	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	IDEAS PROPIAS, S.L.			
NIF/CIF:	B36957124			
Importe (IVE incluído):	934,13 €			
Observacións:				

Nº Proposta		2	Data	03/10/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Promoción Económica Manuel Emilio Pérez Outeiral		
DESCRICIÓN DO GASTO		Subministración de material didáctico co motivo da celebración do curso de “Atención Socio sanitaria a persoas no domicilio”		
Nº orzamentos aportados	3	Provedores	- DOSTEX, S.L. - NEOPRINT - SANYG ARTES GRÁFICAS, SC.	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	DOSTEX, S.L.			
NIF/CIF:	B15944002			
Importe (IVE incluído):	920,19 €			
Observacións:				



CONCELLO
DE
RIBEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

Nº Proposta		3	Data	03/10/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Promoción Económica Manuel Emilio Pérez Outeiral		
DESCRICIÓN DO GASTO		Contratación de seguro de accidentes co motivo da celebración do curso de “Atención Sociosanitaria a persoas no domicilio”		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	GENERALI ESPAÑA, S.A.	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	GENERALI ESPAÑA, S.A.			
NIF/CIF:	A28007268			
Importe (IVE incluído):	153,60 €			
Observacións:				

Nº Proposta		4	Data	03/10/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Promoción Económica Manuel Emilio Pérez Outeiral		
DESCRICIÓN DO GASTO		Contratación de seguro de responsabilidade civil co motivo da celebración do curso de “Atención Sociosanitaria a persoas no domicilio”		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	METRÓPOLIS, S.A.	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	METRÓPOLIS, S.A.			
NIF/CIF:	A28001758			
Importe (IVE incluído):	191,70 €			
Observacións:				

Nº Proposta		5	Data	03/10/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Promoción Económica Manuel Emilio Pérez Outeiral		
DESCRICIÓN DO GASTO		Aluguer do Control Biométrico (duración aproximada de 6 meses) co motivo da celebración do curso de “Atención Sociosanitaria a persoas no domicilio”		
Nº orzamentos aportados	3	Provedores	- PRESENZA SISTEMAS TECNOLÓXICOS, S.L. - ANTEVA SERVICIOS INFORMÁTICOS, S.L. - SERVITEC	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	PRESENZA SISTEMAS TECNOLÓXICOS, S.L.			
NIF/CIF:	B70434675			
Importe (IVE incluído):	1.084,16 €			
Observacións:				

Nº Proposta		6	Data	03/10/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Promoción Económica Manuel Emilio Pérez Outeiral		
DESCRICIÓN DO GASTO		Control e avaliación da calidade co motivo da celebración do curso de "Atención Sociosanitaria a persoas no domicilio"		
Nº orzamentos	3	Provedores	- RAMÓN DIÉGUEZ RODRÍGUEZ	



CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

aportados				- FABIÁN BEN CONDE - SERVITEC
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:		RAMÓN DIÉGUEZ RODRÍGUEZ		
NIF/CIF:		B7043467S		
Importe (IVE incluído):		375,10 €		
Observacións:				

Nº Proposta		7	Data	29/09/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA		Servizo de Vías e Obras José Manuel Queiruga Brión		
DESCRICIÓN DO GASTO		Mantemento e inspección técnica do tractor Kubota E4824BDS		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	NEUMÁTICOS TINO, S.L.	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	NEUMÁTICOS TINO, S.L.			
NIF/CIF:	B15244619			
Importe (IVE incluído):	2.111,74 €			
Observacións:				

Nº Proposta		8	Data	20/09/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Seguridade e Mobilidade Cidadá - P. Civil Víctor Reiriz Lampón		
DESCRICIÓN DO GASTO		Subministración de antiavespas de longo alcance para a retirada de nidos de avespas velutinas		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	FERRETERÍA BRIÓN, S.L.	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	FERRETERÍA BRIÓN, S.L.			
NIF/CIF:	B70474747			
Importe (IVE incluído):	999,94 €			
Observacións:				

Nº Proposta		9	Data	20/09/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Seguridade e Mobilidade Cidadá - P. Civil Víctor Reiriz Lampón		
DESCRICIÓN DO GASTO		Subministración de hipoclorito e desengrasante industrial para limpeza de vías		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	FERRETERÍA BRIÓN, S.L.	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	FERRETERÍA BRIÓN, S.L.			
NIF/CIF:	B70474747			
Importe (IVE incluído):	885,01 €			
Observacións:				



CONCELLO
DE
RIBEIRA
(A CORUÑA)


Declarado Municipio Turístico Galego

Nº Proposta		10	Data	20/09/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Seguridade e Mobilidade Cidadá - P. Civil Víctor Reiriz Lampón		
DESCRICIÓN DO GASTO		Revisión de extintores e probas hidrostáticas de 4 botellas de buceo e rescate		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	MIGUEL CORES SUÁREZ	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	MIGUEL CORES SUÁREZ			
NIF/CIF:	52458927K			
Importe (IVE incluído):	567,31 €			
Observacións:				

Nº Proposta		11	Data	20/09/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Seguridade e Mobilidade Cidadá - P. Civil V́ctor Reiriz Lampón		
DESCRICIÓN DO GASTO		Reparación vehículo volkswagen C8479CD (Dirección asistida e líquido de dirección)		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	VICENTE GONZÁLEZ MARTÍNEZ	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	VICENTE GONZÁLEZ MARTÍNEZ			
NIF/CIF:	52459904D			
Importe (IVE incluído):	166,74 €			
Observacións:				

Nº Proposta		12	Data	20/09/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Seguridade e Mobilidade Cidadá - P. Civil Víctor Reiriz Lampón		
DESCRICIÓN DO GASTO		Cambio de aceite e filtros Renault Combo 6198HVB		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	VICENTE GONZÁLEZ MARTÍNEZ	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	VICENTE GONZÁLEZ MARTÍNEZ			
NIF/CIF:	52459904D			
Importe (IVE incluído):	227,35 €			
Observacións:				

Nº Proposta		13	Data	20/09/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Seguridade e Mobilidade Cidadá - P. Civil Víctor Reiriz Lampón		
DESCRICIÓN DO GASTO		Reparación Nissan Terrano 6713DNF + cambio batería para pasar ITV		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	VICENTE GONZÁLEZ MARTÍNEZ	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego


Denominación:	VICENTE GONZÁLEZ MARTÍNEZ	
NIF/CIF:	52459904D	
Importe (IVE incluído):	379,72 €	
Observacións:		

Nº Proposta		14	Data	20/09/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Seguridade e Mobilidade Cidadá - P. Civil Víctor Reiriz Lampón		
DESCRICIÓN DO GASTO		Reparación instalación eléctrica rotativos camión Uro C5417CG		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	VICENTE GONZÁLEZ MARTÍNEZ	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	VICENTE GONZÁLEZ MARTÍNEZ			
NIF/CIF:	52459904D			
Importe (IVE incluído):	169,40 €			
Observacións:				

Nº Proposta		15	Data	20/09/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Seguridade e Mobilidade Cidadá - P. Civil Víctor Reiriz Lampón		
DESCRICIÓN DO GASTO		Reparación tanque de gasóleo camión Uro C6628BY		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	VICENTE GONZÁLEZ MARTÍNEZ	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	VICENTE GONZÁLEZ MARTÍNEZ			
NIF/CIF:	52459904D			
Importe (IVE incluído):	272,83 €			
Observacións:				

Nº Proposta		16	Data	03/10/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA		Servizo de Parques e Xardíns Vicente Alberto Sieira Cores		
DESCRICIÓN DO GASTO		Reparación de 4 desbrozadoras e 1 cortacésped		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	BARRAL HERMANOS, S.L.	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	BARRAL HERMANOS, S.L.			
NIF/CIF:	B15224769			
Importe (IVE incluído):	910,99 €			
Observacións:				

Nº Proposta	17	Data	03/10/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Servizo de Vías e Obras José Manuel Queiruga Brión		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de 150 litros de pintura vial branca e amarela e outros materiais para pintado		
Nº orzamentos	1	Provedores	PINTURAS ISAVAL, S.L.






aportados				
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:		PINTURAS ISAVAL, S.L.		
NIF/CIF:		B46069654		
Importe (IVE incluído):		1.194,28 €		
Observacións:				

Nº Proposta		18	Data	20/09/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA		Departamento de Servizos Sociais Comunitarios María Francisca Vidal Regueira		
DESCRICIÓN DO GASTO		Contratación de seguro para alumnado para o “Obradoiro de habilidades sociais orientadas ao emprego”		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	GENERALI ESPAÑA, S.A.	
Informe:	Xefa de Servizo do Departamento de Servizos Sociais Comunitarios - María Francisca Vidal Regueira (19/04/2017)			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	GENERALI ESPAÑA, S.A.			
NIF/CIF:	A28007268			
Importe (IVE incluído):	61,05 €			
Observacións:				

Nº Proposta		19	Data	03/10/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA		Directora do Obradoiro de Emprego Tahume IV Sandra Pérez González		
DESCRICIÓN DO GASTO		Subministración de ferramentas para as prácticas do taller de carpintería do Obradoiro de Emprego Tahume IV		
Nº orzamentos aportados	3	Provedores	- FERRETERÍA BRIÓN, S.L. - PORTOFERR, S.L. - ELECTRO VIDAL, S.L.	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	FERRETERÍA BRIÓN, S.L.			
NIF/CIF:	B70474747			
Importe (IVE incluído):	587,58 €			
Observacións:				

Nº Proposta		20	Data	02/10/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Educación - Conservatorio Mª Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO		Servizo de afinación dos pianos do Conservatorio Municipal		
Nº orzamentos aportados	3	Provedores	- MARTA PAZ EIROA - GALIMUSIC, S.L. - TIGRAN POGHOSYAN GHARIBYAN	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	MARTA PAZ EIROA			
NIF/CIF:	32830657C			
Importe	1.173,70 €			





(IVE incluído):	
Observacións:	

AXUDAS PARA MEDIDAS DE APOIO AO PROGRAMA DE INCLUSIÓN SOCIAL

Vista a proposta presentada pola Concelleira Delegada de Servizos Sociais, Promoción Social e Igualdade, M^a Esther Patiño Rey, de data 03/10/2017, en relación ao escrito presentado por **Adrián González Vidal**, de data 19/09/2017 (Rexistro de entrada nº 14.946), no que solicita concesión de axudas para medidas de apoio ao programa de inclusión social do Concello de Riveira.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e visto o **informe social** favorable emitido pola Traballadora Social e Xefa do Servizo, María Francisca Vidal Regueira, de data 28/09/2017.

Conceder a Driss Felloun unha axuda económica consistente no pago dun importe total de **360,00 €**, para sufragar os gastos derivados de Comunidade Terapéutica.

III.- CONTRATACIÓN.

1.- Visto o expediente que se tramita para a contratación dos servizos de **Docencia e titorías do curso AFD de Atención Sociosanitaria a persoas no domicilio (SSCS0108). Nº de curso 102658**, cun orzamento total de 12.550,54 euros (sen IVE).

O inicio do expediente acordouse por providencia da Alcaldía da data 11/08/2017.

O expediente de contratación (como contrato menor con un único criterio de adxudicación -prezo máis baixo-) e o Prego de condicións técnicas aprobáronse por Decreto da Alcaldía da data 16/08/2017.

A licitación anunciouse no Perfil de Contratante do Concello (na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia) na data 21/08/2017, e no diario La Voz de Galicia, na súa edición da data 19/08/2017.

Para a adxudicación do contrato presentáronse as seguintes ofertas que, unha vez realizada pola Mesa de Contratación a apertura dos sobres de cada licitador, dou o resultado seguinte:

Licitadora	MARIA DOLORES MARTINEZ BECERRA	
MODULOS PARA OS QUE OFERTA	PREZO/HORA	TOTAL (euros)
MODULO II	18	3780
MODULO III	18	1800
PRACTICAS	1,25*15= 18,75	2250



Licitadora	AUREA CECILIA CASAIS MARTINEZ	
MODULOS PARA OS QUE OFERTA	PREZO/HORA	TOTAL (euros)
MODULO I	23	3910
MODULO II	23	4830
MODULO III	23	2300
PRACTICAS	9	1080
IGUALDADE	23	184
INSERCCION LABORAL	23	230

Licitadora	PAULA GUZMAN PEREIRA	
MODULOS PARA OS QUE OFERTA	PREZO/HORA	TOTAL (euros)
MODULO I	22	3740
MODULO III	22	2200
PRACTICAS	1.68*15	3024

Licitadora	MARIA JOSE VAZQUEZ CALO	
MODULOS PARA OS QUE OFERTA	PREZO/HORA	TOTAL (euros)
MODULO II	22,62	4750,20
PRACTICAS	19,50	2340,00
IGUALDADE	22,62	180,96
INSERCCION LABORAL	22,62	226,20

Visto o resultado anterior, e tendo en conta que para a adxudicación deste contrato teranse en conta unicamente as ofertas económicas realizadas para cada módulo de docencia polos licitadores presentados e admitidos, a Mesa de Contratación, na súa reunión da data 30/08/2017, acordou propoñer ao órgano de contratación a adopción do seguinte acordo:

Adxudicar o contrato menor para a impartir os módulos de Docencia e titorías do curso AFD de Atención Sociosanitaria a persoas no domicilio (SSCS0108) (Nº de curso 102658) do xeito seguinte:


MODULOS	ADXUDICATARIA	PREZO TOTAL
MODULO I	PAULA GUZMAN PEREIRA	3.740,00 euros
MODULO II	MARIA DOLORES MARTINEZ BECERRA	3.780,00 euros
MODULO III	MARIA DOLORES MARTINEZ BECERRA	1.800,00 euros
PRACTICAS	MARIA DOLORES MARTINEZ BECERRA	2.250,00 euros
IGUALDADE	MARIA JOSE VAZQUEZ CALO	226,20 euros
INSERCCION LABORAL	MARIA JOSE VAZQUEZ CALO	180,96 euros

Visto que a candidata María Dolores Martínez Becerra presentou un escrito de renuncia, que foi rexistrado de entrada na data 02/10/2017, co número 15.791, fundamentado en non poder acreditar que ten realizado o curso homologado de "Docencia da Formación Profesional para o Emprego".

Visto o resultado da apertura das ofertas realizado pola Mesa de Contratación na súa citada reunión da data 30/08/2017.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015, **adopta o seguinte acordo:**

Adxudicar o contrato menor para a impartir os módulos de Docencia e





titorías do curso AFD de Atención Sociosanitaria a persoas no domicilio (SSCS0108)
(Nº de curso 102658) do xeito seguinte:

MODULOS	ADXUDICATARIA	DNI	PREZO TOTAL
MODULO I	PAULA GUZMAN PEREIRA	76.927.357-Q	3.740,00 euros
MODULO II	MARIA JOSE VAZQUEZ CALO	76.509.361-E	4.750,20 euros
MODULO III	PAULA GUZMAN PEREIRA	76.927.357-Q	2.200,00 euros
PRACTICAS	MARIA JOSE VAZQUEZ CALO	76.509.361-E	2.340,00 euros
IGUALDADE	MARIA JOSE VAZQUEZ CALO	76.509.361-E	226,20 euros
INSERCIÓN LABORAL	MARIA JOSE VAZQUEZ CALO	76.509.361-E	180,96 euros

De acordo coa cláusula "2.CONDICIÓN DO SERVIZO" do Prego de Prescricións Técnicas reitor deste expediente de contratación, as persoas adxudicatarias terán que presentar o seu currículo xustificado, tendo que ser validado antes do comezo do curso pola Consellería de Economía, Emprego e Industria. No caso que a Consellería de Economía, Emprego e Industria non acepte ao docente proposto, propoñerase a contratación da persoa que quedara en segundo lugar na licitación para a impartición do curso, seguindo o mesmo procedemento.

2.- APROBACIÓN E ADXUDICACIÓN, COMO CONTRATO MENOR, DAS OBRAS DE DIVISIÓN EN POSTOS DA PLANTA 1ª E CREACIÓN DE ESPAZO MULTIFUNCIONAL NA PLANTA 2ª DO MERCADO MUNICIPAL.

Actualmente no mercado municipal de Riveira estase utilizando unicamente a planta baixa, que é onde están diversos postos de venda de pescado, froitas e legumes, carnicerías e conxelados.

Preténdese crear na planta primeira 4 postos de venda e de servizos que complementen a actividade existente para proporcionar maior oferta ós usuarios, ademais de crear así máis postos de traballo.

Por outro lado, na planta segunda preténdese formar un espazo aberto multifuncional no que o Concello poida realizar numerosas actividades para os veciños do municipio (formación, exposicións, etc.)

A tal efecto o arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño, na data maio/2017, redactou un proxecto, con un prezo total de licitación de 48.875,97 euros (Base: 40.393,36 euros; IVE 21%: 8.482,61 euros), e un prazo de execución de 2 meses.

Consta no expediente:

- 1) Acta de Replanteo previo das obras a que se refire o artigo 126.1 do TRLCSP, asinada en sentido favorable pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 19/09/2017, logo de manifestar a comprobación sobre o terreo da realidade xeométrica da obra, así como a dispoñibilidade dos terreos precisos para a súa execución, constatando a conformidade e a viabilidade técnica do dito proxecto.





- 2) Informe asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 18/09/2017, en relación co artigo 125 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP), no que manifesta que non é necesario realizar a supervisión do proxecto, xa que a súa contía non é superior a 350.000,00 euros e non se trata de obras que afecten á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra.
- 3) Documento contable "RC" expedido polo interventor municipal acctal. Jorge González Mariño na data 05/10/2017 (número de operación 2017 22017179), de retención de créditos con cargo á aplicación orzamentaria 431A 62222.

Tendo en conta que por tratarse dun contrato cun importe (valor estimado) inferior a 50.000,00 euros, procede considerar este expediente como contrato menor, de acordo co sinalado no artigo 138.3 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).

Tendo en conta que o artigo 111 do TRLCSP establece:

"1. Nos contratos menores definidos no artigo 138.3, a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto e a incorporación ó mesmo da factura correspondente, que deberá reuni-los requisitos que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan.

2. No contrato menor de obras, deberá engadirse, ademais, o orzamento das obras, sen prexuízo de que deba existi-lo correspondente proxecto cando normas específicas así o requiran. Deberá igualmente solicitarse o informe de supervisión a que se refire o artigo 125 cando o traballo afecte á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra."

Tendo en conta que este expediente, como contrato menor, non está sometido a intervención previa de gastos, conforme establece o artigo 219 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e que deberá ser, polo tanto, obxecto dunha fiscalización plena posterior, co fin de verificar que se axusta ás disposicións aplicables en cada caso e determinar o grao de cumprimento da legalidade na xestión dos créditos, efectuándose a dita comprobación sobre unha mostra representativa das mesmas, seleccionadas mediante a aplicación de técnicas de mostraxe ou auditoría.

Para a contratación das obras presentáronse as seguintes ofertas:

Licitador	Registro		Prezo total (incluído IVE 21%)
	Data	Número	
Construcciones Oñial, S.L	25/09/2017	15.249	47.916,00 euros
Domínguez Arias e Hijos, S.L.	25/09/2017	15.282	38.673,57 euros
Acciona Construcción, S.A.	25/09/2017	15.315	43.734,22 euros
Alberto Pérez Sampedro	25/09/2017	15.334	39.100,77 euros
Construcciones Jenaro Cadaval, S.L.	26/09/2017	15.345	39.930,00 euros



Vista a proposta de contratación na que se xustifica a necesidade de realizar as obras, asinada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 03/10/2017, e conformada polo alcalde en funcións Manuel Emilio Pérez Outeiral.

Vistos os artigos 110, 111 e 138.3 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, e en exercicio das competencias establecidas na disposición adicional segunda do citado TRLCSP, así como no artigo 185 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015, adopta os seguintes acordos:

PRIMEIRO- Aprobar o proxecto técnico redactado arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño, na data maio/2017, para as obras de División en postos da planta 1ª e creación de espazo multifuncional na planta 2ª do mercado municipal, por un prezo total de licitación de 48.875,97 euros (Base: 40.393,36 euros; IVE 21%: 8.482,61 euros), e un prazo de execución de 2 meses.

SEGUNDO- Aprobar o expediente de contratación como contrato menor.

TERCEIRO- Aprobar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 431A 62222.

CUARTO- Adxudicar o contrato menor para a realización das obras de División en postos da planta 1ª e creación de espazo multifuncional na planta 2ª do mercado municipal á empresa "Domínguez Arias e Hijos, S.L." (NIF: B-15496235), no prezo total do contrato de 38.673,57 euros (Base: 31.961,63 euros; IVE 21%: 6.711,94 euros), segundo a súa oferta económica que tivo entrada no rexistro xeral do Concello na data 25/09/2017 co número 15.282.


QUINTO- Designar como Director das obras o arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño.

IV.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA.

Non se presenta ningún decreto para a súa dación de conta

V.- AUTORIZACIÓNS DEMANIAIS

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación





VI.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VII.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

1.- Visto o escrito presentado por **Hermosinda Gude Pego**, de data 20/09/2017 (Rexistro de entrada nº 15.040), no que solicita licenza de obras para mellora e conservación de vivenda unifamiliar existente composta de planta baixa planta primeira e baixocuberta, sita na Ramón e Cajal nº 4, Riveira en parcela con refª catastral nº 0715902NH0101N0001DF.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente, ao disposto no informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Municipal, Alberto Iglesias Fungueiriño, de data 26/09/2017, e no informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 27/09/2017, por unanimidade dos membros presentes, **ACORDA:**


Primeiro.- CONCEDER á Sra. Hermosinda Gude Pego **LICENZA DE OBRAS (Nº 55/17)** para **MELLORA E CONSERVACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR EXISTENTE COMPOSTA DE DE PLANTA BAIXA PLANTA PRIMEIRA E BAIXOCUBERTA** sita na na Ramón e Cajal nº 4, Riveira, en parcela con refª catastral nº 0715902NH0101N0001DF, nos termos do Proxecto Básico de setembro de 2017 redactado polo Sr. Sergio Lucio Paniccia, (arquitecto Col. nº 1.451):

- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Proxecto de Execución** visado polo Colexio Oficial Colexio Oficial de Arquitectos.*
- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Dirección de Obra** visado polo Colexio Oficial de Arquitectos, **Oficio de Execución Material, Coordinación de Seguridade e Saúde, Estudio Básico de Seguridade e Saúde**, visados polos Colexios Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación.*

Segundo.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

Terceiro.- Unha vez concluída a obra o interesado deberá solicitar a preceptiva licenza municipal de primeira ocupación debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóveis (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).

Cuarto.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:





- A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido o tránsito.
- A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.
- Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.
- O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.
- Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).
- Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.
- A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.
- A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimentos dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.
- Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participarase a data da súa iniciación.
- As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.
- Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza





municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista”.

- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

Quinto.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

Sexto.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

Sétimo.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

Oitavo.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

Noveno.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*





- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

RESOLUCIÓN EN RELACIÓN AO RECURSO DE REPOSICIÓN PRESENTADO POLA SRA. MARÍA DOLORES IGLESIAS MARTÍNEZ EN RELACIÓN AO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 22 DE XUÑO DE 2017.

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Ordenanza 6.3-A Residencial Extensiva Unifamiliar Illada.

REFª CATASTRAL: 001101600NH01A0001BT.

SITUACIÓN: Rúa Fafián nº 23, Riveira.

INTERESADO/A - PRESUNTO/A RESPONSABLE DENUNCIADO/A: Sra. Mª Dolores Iglesias Martínez.

INTERESADO/A - DENUNCIANTE: Sr. José Manuel Dios Teira.

POSIBLES FEITOS IMPUTADOS: Execución de obras que non se axustan á licenza de obra nº 36/16 concedida pola Xunta de Goberno local en sesión de data 2 de xuño de 2016.

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- A Xunta de Goberno Local en sesión de data 2 de xuño de 2016 acordou por unanimidade:

“

(...)

Primeiro.- CONCEDER a Mª Dolores Iglesias Martínez **LICENZA DE OBRAS** para **REFORMA DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA SOTO, PLANTA BAIXA E BAIXOCUBERTA**, sita na Rúa Fafián nº 23, Riveira en parcela con refª catastral nº 001101600NH01A0001BT, nos termos do proxecto básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 28.4.16 redactado por Sergio Lucio Paniccia:

- **Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras, Oficio de Execución Material, Coordinación de Seguridade e Saúde, Estudio Básico de Seguridade e Saúde**, visados polos Colexios Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación.

(...)

“

SEGUNDO.- Visto en base ao anterior o informe técnico emitido polo Arquitecto Municipal Alberto Iglesias Fungueiriño tras xirar visita de comprobación na data 23 de maio de 2017 co seguinte tenor literal:

“





(...)

ASUNTO: EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA

INFORME TÉCNICO EN RELACIÓN CUNHAS OBRAS, EN FASE DE EXECUCIÓN, E QUE NON SE AXUSTAN Á LICENZA DE OBRAS CONCEDIDA EN XGL DE DATA DE 02.06.2016.

DENUNCIANTE: DE OFICIO.

INTERESADO: MARIA DOLORES IGLESIAS MARTÍNEZ

ANTECEDENTES.:

a.- Con data de 2 de xuño de 2006 a Xunta de Goberno Local cinedu licenza de obra maior a **dona María Dolores Iglesias Martínez** para a reforma dunha vivenda unifamiliar, emprazada na rúa Fafián nº 23 e de acordo co proxecto de execución redactado polo arquitecto Sergio Lucio Paniccia, que conta con visado colexial de data de 28.04.2016.

b.- As obras autorizadas consisten na reforma da vivenda, modificando a distribución interior, e mantendo a volumetría existente e sen afectar á estrutura da mesma. No acordo de concesión de licenza imponse o requisito de presentar os oficios de dirección de obra e de coordinador en materia de seguridade e saúde, e antes do inicio da obra. Estes documentos non foron presentados, polo que a día de hoxe a licenza non é efectiva.

c.- De tódolos xeitos as obras están iniciadas e podendo detectarse que tampouco se axustan ao proxecto autorizado, posto que se está a executar unha nova estrutura.

INSPECCIÓN E INFORME DE CONCLUSIÓN:

1.- Realizada inspección ao lugar o día 19 de maio de 2017, puido comprobarse que a obra está en fase de execución, aínda que as mesmas non se axustan á licenza concedida, e que tampouco resultan legalizables, posto que a edificación aséntase sobre unha parcela que non acada a superficie mínima e a edificación non cumpre cos afastamentos mínimos a lindeiros. Esta situación de partida provoca que a edificación se atope en situación xurídica de "fora de ordenación", polo que tan só se poden autorizar obras de reforma, e en consonancia ca licenza concedida aos efectos.

2.- Unha nova estrutura non ten cabida dentro do réxime de fora de ordenación, e por outra banda tampouco se contempla no proxecto. En caso de que a obra fose legalizable, habería que tramitar unha nova licenza de legalización, aportando un proxecto aso efectos oportunos. Pero en caso de non resultar legalizable, como no presente caso, só cabe ordear o derrubo da nova estrutura, e mediante o preceptivo expediente de repòsición da legalidade urbanística, conforme ao preceptuado ao respecto polo artigo 152 da lei 2/2016, do Solo de Galicia.

3.- Ante o exposto, e por tratarse de obras que non se axustan á licenza concedida nin resultan legalizables, procede, e en virtude do diposto polo artigo 152 da Lei 2/2016, a **paralización e suspensión das obras e a incoación de expediente de reposición da legalidade urbanística**, e dándolle audiencia ao interesado.


Riveira, 23 de maio de 2017.

Asdo: Alberto Iglesias Fungueiriño
Arquitecto Municipal.

(...)

TERCEIRO.- Vista a denuncia cursada na data 6 de xuño de 2017, (rexistro de entrada nº 9.515), polo Sr. José Manuel Dios Teira.

CUARTO.- Como consecuencia do anterior, por Decreto de Alcaldía de data 6 de xuño de 2017 incoábase expediente de reposición da legalidade urbanística DU





9/17 e ordenábase a súa instrución de conformidade co disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedimento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxecto de que, previa audiencia do interesado, se adopte algún dos acordos dispostos no artigo 152.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do Solo de Galicia, e no artigo 382 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia.

QUINTO.- A notificación do citado Decreto practicouse á Sra. M^a Dolores Iglesias Martínez na data 8 de xuño de 2017 e ao Sr. Sr. José Manuel Dios Teira na data 8 de xuño de 2017.

SEXTO.- En cumprimento do disposto no artigo 68 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedimento Administrativo Común das Administracións Públicas, na notificación do Decreto de inicio do expediente de reposición da legalidade, emprazouse aos interesados para o trámite de audiencia.

SÉTIMO.- Notificado este emprazamento a Sra. M^a Dolores Iglesias Martínez presenta en escrito rexistrado de entrada na data 14 de xuño de 2017, (Rexistro de entrada nº 10.161), aportando ao expediente Oficio de Execución Material e Coordinación de Seguridade e Saúde visados polos Colexios Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación de data 1 de marzo de 2017.

OITAVO.- Asimesmo a Sra. M^a Dolores Iglesias Martínez presenta pliego de alegacións en escrito rexistrado de entrada na data 16 de xuño de 2017, (Rexistro de entrada nº 10.433).

NOVENO.- Tras analizar o cumprimento da normativa sectorial e urbanística vixente así como as condicións técnicas de seguridade e salubridade aplicable ao caso nos ocupa o Arquitecto Municipal Alberto Iglesias Fungueiriño emite informe na data 20 de xuño de 2017 en relación á resolución do expediente de reposición da legalidade urbanística DU 9/17 co seguinte tenor literal:

#

(...)

ASUNTO: EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA

CONTESTACIÓN Á ALEGACIÓN FORMULADA POLA INTERSADA, E RELATIVA Á INCOACIÓN DO EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA E QUE AFECTA A UNHAS OBRAS EN FASE DE EXECUCIÓN, E QUE NON SE AXUSTAN Á LICENZA DE OBRAS CONCEDIDA EN XGL DE DATA DE 02.06.2016.

DATA DE ENTRADA: 10433 (16.06.2027)

INTERESADO: MARIA DOLORES IGLESIAS MARTÍNEZ.

REF. CATASTRAL: 001101600NH01A0001BT

INFORME:

1.- Na alegación presentada con data de entrada de 16.06.2017 (n.r.e.: 10433) manifestase que non se produciu incremento de edificabilidade, nin de volume edificable con respecto á edificación preexistente, e incluso se mantén o afastamento lateral da edificación preexistente.





2.- Chama a atención que se cite á edificación preexistente, e poñendo en evidencia o feito de que a día de hoxe existe unha nova edificación en fase de construción, previo derrubo da anterior e cunha volumetría similar á preexistente; gardando o mesmo afastamento lateral, que por outra banda debemos de indicar que non se axusta ao mínimo legalmente permitido pola ordenanza de aplicación (mínimo de 3 metros).

3.- A licenza concedida foi motivada precisamente por aplicación ao artigo 171 do PXOM, que regula a situación de fora de ordenación xenérica e por remisión do establecido ao respecto polo artigo 90 da Lei 2/2016 do Solo de Galicia (edificios fora de ordenación).

4.- O presente artigo 171 do PXOM seralle de aplicación para as situacións de edificacións que incumpren algunha das prescricións e limitacións que se establecen no presente Plan para a ordenación e a edificación. No presente caso trátase dunha edificación preexistente, erixida con anterioridade á aprobación do PXOM, e que non cumpre cos parámetros de parcela mínima, nin tampouco co afastamento lateral; aínda que si coas condicións xenéricas de uso característico e número de plantas.

5.- En virtude deste artigo 171 permite autorizar as obras necesarias de mellora e conservación, aínda que non se poden permitir incrementos de volume; salvo que as condicións de edificabilidade da propia parcela así o permitan; ou sexa, que a parcela teña un aproveitamento urbanístico que valide o incremento de edificabilidade.

6.- No presente caso a parcela non acada a parcela mínima edificable, aínda que si se poden permitir as obras necesarias de mellora e conservación, sempre que así se xustifiquen, e como ben se acredita no proxecto técnico presentado no seu día para a concesión da licenza, e o posterior informe técnico que serviu de base para a concesión da mesma.

7.- As obras autorizadas contemplaban o mantemento da edificación existente; da estrutura portante e da envolvente exterior da mesma, limitándose o proxecto a definir e cuantificar as obras de modificación da distribución interior e reforma da cobertura, e co mantemento do uso preexistente, como ben o esixe o citado artigo 171 do PXOM.

8.- A obra iniciouse sen presentar os preceptivos oficios de dirección de execución da obra, en contra dos requisitos impostos na concesión da licenza municipal, contravindo ademais o disposto ao respecto pola Lei de Ordenación da Edificación. Xa posteriormente, e despois de terse aberto o presente ERLU, e con data de 14.06.2017 a propiedade presenta os oficios de dirección de execución das obras e de coordinación en materia de seguridade e saúde, asumidos ambos polo arquitecto técnico Manuel Vidal García.

9.- A obra, en contra do proxecto presentado, non reflicte unha operación de conservación e mellora co mantemento da edificación existente. Mais alá das obras necesarias de conservación e mellora, propónse o derrubo da edificación preexistente, como ben se cita na alegación presentada; eliminando a antiga estrutura e a antiga envolvente da edificación, mantendo aparentemente, o mesmo volume edificado e un empraçamento similar.

10.- No presente caso, trátase dunha obra de demolición e posterior construción de obra nova de vivenda unifamiliar. Isto ademais de contravir a licenza concedida, posto que non se axusta ao proxecto autorizado, oponse ao establecido polo citado artigo 171 do PXOM. Dispón esta norma municipal e aplicable ás edificacións en situación de fora de ordenación xenérica, que tan só se poden autorizar as obras necesarias de conservación e mellora.

11.- Pois ben, neste caso produciuse un derrubamento dunha edificación. Unha vez demolida a mesma, a eficacia do réxime de fora de ordenación xenérica desaparece.

12.- Estamos ante un caso de obra nova, con previo derrubamento dunha edificación preexistente, polo que a nova edificación debe de axustarse aos parámetros de ordenación e edificación da ordenanza de aplicación (ordenanza 6.3.a).

13.- Esta ordenanza, no que o seu uso característico é o de vivenda unifamiliar illada, impón unha parcela mínima de 500 m². A parcela sobre a que se asenta a obra en fase de execución e obxecto de ERLU, ten unha superficie sensiblemente menor, non acadando a parcela mínima edificable. De acordo cos datos de Catastro, e do propio proxecto de obra redactado polo arquitecto Sergio Lucio Paniccia, a parcela ten unha superficie de 201 m².

CONCLUSIÓN





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

En definitiva, non se puidera autorizar a construción dunha obra nova na presente parcela, e polo tanto as obras en fase de execución non resultan legalizables.

Ante o exposto, manifestamos a nosa desconformidade ante as legacións formuladas, e propoñemos se continúe coa tramitación do expediente e debendo de terse en conta que as obras a realizar non son legalizables na situación actual, polo que ten só cabe o derrubamento da totalidade do construído, ou no seu caso; e sempre que se incremente a superficie da parcela (agrupación con parcelario contiguo), se puidera legalizar a obra en aplicación da normativa urbanística

Riveira, 20 de xuño de 2017.

Asdo: Alberto Iglesias Fungueiriño
Arquitecto Municipal.

(...)

DÉCIMO.- Posteriormente a Sra. M^a Dolores Iglesias Martínez, presenta en escrito rexistrado de entrada na data 7 de xullo de 2017, (Rexistro de entrada nº 11.804), recurso de reposición ante o acordo da Xunta de Goberno Local en sesión de data 22 de xuño de 2017 que acordou:

“

(...)

Primeiro.- Declarar que as obras e actuacións realizadas na vivenda unifamiliar sita na Rúa Fafián nº 23, Riveira en parcela con ref^a catastral nº 001101600NH01A0001BT, non se axustan á licenza de obras nº 36/16 e como resultan dos feitos probados sinalados polo Arquitecto Municipal Alberto Iglesias Fungueiriño en informe emitido na data 20 de xuño de 2017 non son legalizables por seren incompatibles co ordenamento urbanístico.

Segundo.- ORDENAR á Sra. M^a Dolores Iglesias Martínez **A DEMOLICIÓN DA VIVIENDA UNIFAMILIAR** obxecto deste expediente, así como ao cese definitivo dos usos aos que desen lugar.

A orde de demolición deberá ser executada no prazo de tres meses a contar desde a notificación da presente resolución, dando conta ao Concello de Riveira mediante comunicación previa.

(...)

DECIMOPRIMEIRO.- O Arquitecto Municipal Alberto Iglesias Fungueiriño emite informe técnico desfavorable na data 2 de agosto de 2017 en relación ao recurso de reposición co seguinte tenor literal:

“

(...)

ASUNTO:

RECURSO DE REPOSICIÓN CONTRA O ACORDO DE RESOLUCIÓN DO E.R.L.U.DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA DE 22.06.2017, E QUE CONCERNE Á REFORMA DUNHA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA FAFIÁN, RIVEIRA.

INTERESADO:

MARIA DOLORES IGLESIAS MARTÍNEZ





ENTRADA Nº: 11804 (07.07.2017).

ANTECEDENTES E DATOS DE PARTIDA:

- a.- A presentación do presente recurso realízase dentro do prazo indicado aos efectos oportunos.
- b.- O recurso formulado ven a cuestionar, basicamente, a conclusión desfavorable emitida por este técnico no seu informe de data de 23 de maio de 2017.
- c.- Na alegación formulada afírmase que a obra se axusta ás condicións da licenza concedida, e que a obra estase a executar sobre a estrutura preexistente.
- d.- A continuación manifestase de xeito contradictorio, afirmando que foi imposible manter a totalidade da estrutura, xa que durante o proceso construtivo produxéronse unha serie de problemas, procedendo á demolición de boa parte da estrutura da edificación; a fin de evitar poñer en perigo a seguridade e integridade física dos operarios, polo que tan só se manteu da estrutura a cimentación e algún elemento estrutural integrados na planta semisoto.
- e.- Continúa a motivación da presunta legalidade das obras, mencionando o artigo 171 e 172 do PXOM, que fan referencia ás edificacións en situación de fora de ordenación, articulado, que aquí manifesto, que sirviu de base legal para a concesión da licenza de obras.

INFORME:

- 1.- Efectivamente, a aplicación dos artigos 171 e 172 xustifican o acomodo das obras contidas no proxecto de obra coa normativa municipal, e a conseguinte autorización (licenza nº 36/16).
- 2.- As obras autorizadas consisten na reforma da vivenda, modificando a distribución interior, e mantendo a volumetría existente e sen afectar á estrutura da mesma. No presente caso, e dada a situación legal da vivenda, non poideran autorizarse obras que afecten á estrutura, en consonancia co proxecto presentado, o cal non contempla ningunha actuación estrutural.
- 3.- É incerta a afirmación manifestada na alegación primeira do recurso, e onde se expón que a obra se axusta á licenza concedida e que a mesma estase a sustentar sobre a estrutura preexistente da vivenda. Tanto é así que no parágrafo seguinte (alegación segunda) ven a contradecirse, chegando a manifestar que se demoleu a totalidade da estrutura do volumen sobre rasante (planta primeira e planta baixo cuberta).
- 4.- En consecuencia debemos de manifestar e aclarar que a obra non se axusta ao proxecto, nin á licenza concedida, evidentemente; posto que a natureza das obras realizadas e que implican a implantación dunha nova estrutura, veñen a contravir, non só a licenza concedida, senon tamén a normativa municipal de aplicación; resultando ilegalizables as mesmas. En consecuencia, procede o derrubo do ilegalmente erixido; ou sexa a totalidade da edificación.

CONCLUSIÓN.

Ante o aquí exposto, reafírmome integramente sobre o contido do informe técnico de data de 23.05.2017 e deixando ben claro que as obras realizadas non se axustan á licenza concedida e non resultan legalizables, polo que se **deberá de desestimar o contido íntegro do recurso formulado pola recurrnte**, e en virtude do exposto no presente informe técnico.

Riveira, 2 de agosto de 2017.

Asdo.: Alberto Iglesias Fungueiriño.
Arquitecto Municipal.

(...)

“





FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- Os feitos anteriormente sinalados considéranse unha infracción do establecido no artigo 142 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, polo que de conformidade co disposto nos artigos 151, 152 e 153 da devandita lei, procede **a inmediata paralización da obra e dispoñer a incoación do expediente de reposición da legalidade** comunicándollo ao interesado.

SEGUNDO.- Así visto o artigo 152.1 da devandita Lei que establece que cando se estea realizando algún acto de uso do solo ou do subsolo sen o título habilitante exixible en cada caso ou sen axustar ás condicións sinaladas nela, a persoa titular da alcaldía dispoñerá a suspensión inmediata dos devanditos actos e procederá a incoar o expediente de reposición da legalidade, comunicándolo ao interesado.

2.- Co acordo de suspensión adoptaranse as medidas cautelares necesarias para garantir a total interrupción da actividade, tales como o precintado das obras, a retirada de materiais e maquinaria, a suspensión de suministros ou execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas por importe de 1.000 a 10.000 euros, reiterables ata conseguir o cumprimento da orde de paralización, e calquera outra medida que sea conveniente en pro da efectividade da suspensión.

3.- Instruído o expediente de reposición da legalidade e previa audiencia do interesado, adoptaranse algún dos seguintes acordos:

a) Si as obras no foran legalizables por ser incompatibles co ordenamento urbanístico, acordaranse a súa demolición e, no seu caso, a reconstrución do indebidamente demolido, a custa do interesado. Si os usos no foran legalizables por ser incompatibles co ordenamento urbanístico, acordaranse a cesación dos mesmos.


b) Si as obras ou os usos pudieran ser legalizables por ser compatibles co ordenamento urbanístico, requirírase ao interesado para que no prazo de tres meses presente a solicitude da oportuna licenza ou comunicación previa correspondente, manténdose a suspensión das obras e usos en tanto esta non fora otorgada ou non se presentase a comunicación previa. En caso de que se denegue a licenza o no se cumpran os requisitos legais para a comunicación previa, acordarase a demolición das obras a custa do interesado, procedéndose a impedir definitivamente os usos a que hubiesen dado lugar.

c) Si as obras ou os usos non se axustasen ás condicións sinaladas no título habilitante, ordenarase á persoa interesada que as axuste no prazo de tres meses, prorrogables por outros tres a petición da mesma, sempre que a complexidade técnica ou envergadura das obras que haxa que realizar o xustifique.

Si, transcorrido o prazo sinalado, o obrigado non houbera axustado as obras ou os usos ás condicións do título habilitante, ordenarase a demolición das obras ou a cesación dos usos a custa do interesado.

4.- Co acordo que poña fin ao expediente de reposición da legalidade urbanística poderán adoptarse as medidas que se estimen precisas para garantir a executividade da resolución, sin perxuício da imposición das sancións que procedan e das facultades que correspondan ás autoridades competentes, en virtude do réxime específico de autorización ou concesión a que estean sometidos determinados actos de edificación e uso do solo.

5.- O procedemento ao que se refire o número anterior deberá resolverse no





prazo dun ano, contado desde a data do acordo de iniciación.

6.- No caso de incumprimento da orde de cesación de usos, de demolición ou de reconstrución do indebidamente demolido, a administración municipal procederá á execución subsidiaria dela ou á execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas, reiterables ata lograr polo suxeito obrigado, na contía de 1.000 a 10.000 € casa unha.

TERCEIRO.- Establece o artigo 382 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia o fin do procedemento de reposición da legalidade urbanística do seguinte modo:

1.- Instruído o expediente de reposición da legalidade e logo da audiencia do interesado, adoptárase algún dos seguintes acordos, que deberán detallar con claridade e precisión o seu obxecto:

a) Se as obras ou os usos non son legalizables por seren incompatibles co ordenamento urbanístico, acordáranse as medidas correspondentes para restaurar a realidade física alterada e a orde xurídica vulnerada á custa do interesado:

1º. A demolición das obras executadas.

2º. De ser o caso, a reconstrución do indebidamente demolido. No suposto de que a demolición afectase a un edificio ou construción obxecto de protección pola lexislación en materia de patrimonio cultural, a reconstrución, cando proceda, deberá someterse ás normas establecidas para a conservación, restauración e mellora que lle sexan de aplicación na súa lexislación específica.

3º. A reposición dos terreos ao seu estado inicial.

4º. O cesamento da subministración dos servizos ou a prohibición da súa contratación.

5º. A prohibición da primeira utilización e ocupación dos edificios e das construcións.


6º. A execución das obras necesarias para impedir os usos ilegais.

7º. Se os usos non son legalizables por seren incompatibles co ordenamento urbanístico, acordárase a cesación deles.

b) Se as obras ou os usos poden ser legalizables por seren compatibles co ordenamento urbanístico, requirirase o interesado para que no prazo de tres meses presente a solicitude da oportuna licenza ou comunicación previa correspondente, manténdose a suspensión das obras e usos en tanto esta non sexa outorgada ou non se presente a comunicación previa. Para o caso de que se denegue a licenza ou non se cumpran os requisitos legais para a comunicación previa, acordárase a demolición das obras á custa do interesado e procederase a impedir definitivamente os usos aos que desen lugar (artigo 152.3.b) da LSG).

c) Se as obras ou os usos non se axustan ás condicións sinaladas no título habilitante, ordenaráselle á persoa interesada que as axuste no prazo de tres meses, prorrogables por outros tres por petición desta, sempre que a complexidade técnica ou a envergadura das obras que haxa que realizar o xustifique.

Se, transcorrido o prazo sinalado, o obrigado non axustase as obras ou os usos ás condicións do título habilitante, ordenarase a demolición das obras ou a cesación dos usos á custa do interesado (artigo 152.3.c) da LSG).





2.- Co acordo que poña fin ao expediente de reposición da legalidade urbanística poderanse adoptar as medidas que se consideren precisas para garantir a executividade da resolución, sen prexuízo da imposición das sancións que procedan e das facultades que lles correspondan ás autoridades competentes, en virtude do réxime específico de autorización ou concesión ao que estean sometidos determinados actos de edificación e uso do solo (artigo 152.4 da LSG).

3.- As ordes de restitución deberán cumprirse no prazo que se determine na resolución do expediente administrativo que, con carácter xeral, non será superior a tres meses.

Non obstante, cando a restitución da legalidade urbanística presente unha especial dificultade técnica, apreciada polo órgano competente, o prazo anterior poderá ampliarse ata nove meses. Asemade, e nestes mesmos supostos de especial dificultade técnica, o órgano administrativo está facultado para solicitar a achega dun proxecto técnico en que se reflectan as medidas de restauración que se propoñen realizar, así como as autorizacións sectoriais que sexan exixibles.

Presúmese que concorre especial dificultade técnica para a restitución da legalidade nos grandes movementos de terra, nas explanacións de grandes dimensións, na extracción de áreas e na clausura de explotacións mineiras.

4.- O procedemento ao que se refire o número 2 deste artigo deberá resolverse no prazo dun ano, contado desde a data do acordo de iniciación (artigo 152.5 da LSG).

O prazo indicado poderá suspenderse nos supostos legalmente previstos e, transcorrido este que se teña notificado a resolución expresa, producirase a caducidade do procedemento.

Polo anteriormente exposto da documentación obrante no expediente, visto O RECURSO DE REPOSICIÓN presentado pola Sra. M^a Dolores Iglesias Martínez, visto o informe técnico emitido polo Arquitecto Municipal Alberto Iglesias Fungueiriño na data 2 de agosto de 2017, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral, José Martínez de Llano Orosa, de data 31/08/2017, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- DESESTIMAR o recurso potestativo de reposición interposto pola Sra. M^a Dolores Iglesias Martínez contra a resolución da Xunta de Goberno Local de data 22 de xuño de 2017, no expediente de reposición da legalidade urbanística DU 9/17, confirmando en consecuencia a resolución recorrida.

SEGUNDO.- Notificar a presente resolución aos interesados entendo como tal á Sra. M^a Dolores Iglesias Martínez e ao Sr. José Manuel Dios Teira.





VIII.- INFORMACIÓN URBANÍSTICAS.

1.- Visto o escrito presentado por **M^a Ángeles Polo Lamas**, de data 26/09/2017 (Rexistro de entrada nº 15.362), no que solicita información urbanística de parcela sita en Río Azor (Palmeira).

A **Xunta de Goberno Local**, visto o informe técnico emitido polo Arquitecto Municipal, Alberto Iglesias Fungueiriño, de data 28/09/2017, por unanimidade dos membros presentes, acorda informar á solicitante como segue:

Referencia catastral Nº 15074A0007010930000KF


Vista a localización da finca de acordo cos datos facilitados polo solicitante, examinada a lexislación urbanística e o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Riveira (PXOM) aprobado ao abeiro da Lei 1/1997 do Solo de Galicia, cómpre informar o seguinte:

- 1) A finca indicada no encabezamento atópase dentro da delimitación do solo clasificado como **solo urbano**, séndolle de aplicación íntegra o réxime do solo urbano establecido na Lei 2/2016, do Solo de Galicia e o disposto ó respecto pola Disposición Transitoria primeira, apartado a) desta lei. En aplicación da citada D. T., seralle de aplicación a ordenación proposta polo planeamento xeral vixente.
- 2) Compróbase ademais que a finca de natureza urbana atópase dentro da clasificación de solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza 6.3. a do PXOM, na que rexen as condicións urbanísticas que se especifican a continuación nas seguintes follas.

2.- Visto o escrito presentado por Santiago Dupuy de Lome Manglano en representación de **José Luís Menéndez Seijas y María Ángeles Llorente Fernández**, de data 11/09/2017 (Rexistro de entrada nº 11.956), no que solicita certificación sobre o estado das obras amparadas por licenza nº 389/06 (Edificio de 84 vivendas en Cubeliños - Riveira).

A **Xunta de Goberno Local**, visto o informe técnico emitido polo Arquitecto Municipal, Alberto Iglesias Fungueiriño, de data 02/10/2017, por unanimidade dos membros presentes, acorda informar á solicitante como segue:

Examinado o escrito presentado, así como consultado o expediente de obra nº 389/06, relativo á licenza para a construción dun edificio de 84 vivendas, emprazado no lugar de Cubeliños (Riveira), promovido pola entidade "Grupo Inmobiliario Rías Galegas, s.l.", e feita a preceptiva inspección ocular ao lugar, emítese o seguinte INFORME:





- 1.- Con data de 24 de agosto de 2006 a XGL concedeu licenza de obras á promotora; "Grupo Inmobiliario Rias Galegas, s.l.", para a construción dun edificio de 84 vivendas a emprazar no lugar de Cubeliños, Riveira.
- 2.- Non consta a día da data se teña tramitado expediente de caducidade, polo que a día da data a licenza mantén a súa vixencia.
- 3.- Consta, a partires do escrito presentado con data de 25.05.2009 que a edificación en curso foi comprada pola entidade INEGAL, S.A., e producíndose o cambio de titularidade a nome desta empresa, e a partires do citado escrito de 25.05.2009 (n.r.e.: 10.091).
- 4.- En canto o estado evolutivo das obras, e feita visita ao lugar, puido comprobarse que a edificación presenta a súa envolvente exterior practicamente rematada, salvo no relativo ás plantas semisoto e parte da planta baixa (*Constan fotos no informe técnico de data 02/10/2017 realizadas no mes de setembro do presente ano aos efectos de ilustrar o estado da envolvente exterior da edificación*). De tódolos xeitos esta cuestión é competencia e responsabilidade dos técnicos directores da obra; os cales teñen encomendado esta tarefa.
- 5.- No relativo á licenza de primeira ocupación, debemos de advertir que non consta terse solicitado ata a data a mesma. Para poder tramitala a propiedade deberá de solicitala de xeito, acompañando certificado final de obra visado, así como a documentación técnica pertinente (boletíns de instalacións, certificado telecomunicacións, etc ...). Xa unha vez presentada a totalidade da documentación técnica precisa, os técnicos municipais procederán a realizar a preceptiva visita de comprobación, aos efectos de resolver a solicitude.
- 6.- A licenza de primeira ocupación garante que a obra se axusta á licenza concedida no seu día, e que a edificación é apta para o uso para o que foi erixida.

IX.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

X.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

RESOLUCIÓN EN RELACIÓN Á CORRECCIÓN DE ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 27 DE SETEMBRO DE 2017 DE CONCESIÓN DE LICENZA DE SEGREGACIÓN E POSTERIOR AGRUPACIÓN DE PARCELAS.

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Ordenanza 6.3-A Residencial Extensiva Unifamiliar Illada.

SITUACIÓN: Rúa do Castro, Castiñeiras, Riveira.

REFª CATASTRAIS: 15074A92101316 – 15074A92101317 e 15074A92101318.





PARCELAS INICIAIS:

PARCELA A: Propiedade do Sr. David Gude Saiñas, con refª catastral nº 15074A92101316 de acordo ca documentación catastral conta cunha superficie de 534,00 m², de acordo co levantamento taquimétrico segundo medición realizada e contemplada no Proxecto a superficie da finca é de 528,16 m² que linda: Norte parcela B; Sur finca con refª catastral nº 15074A92101142; Este finca con refª catastral nº 15074A92101141; Oeste rúa do castro.

PARCELA B: Propiedade da Sra. Benita Saiñas Pérez, con refª catastral nº 15074A92101317 de acordo ca documentación catastral conta cunha superficie de 522,00 m², de acordo co levantamento taquimétrico segundo medición realizada e contemplada no Proxecto a superficie da finca é de 528,16 m² que linda: Norte parcela C; Sur Parcela A; Este finca con refª catastral nº 15074A92101141; Oeste rúa do castro.

PARCELA C: Propiedade da Sra. Susana Gude Saiñas, con refª catastral nº 15074A92101318 de acordo ca documentación catastral conta cunha superficie de 528,00 m², de acordo co levantamento taquimétrico segundo medición realizada e contemplada no Proxecto a superficie da finca é de 528,16 m² que linda: Norte finca con refª catastral nº 15074A92101141; Sur Parcela B; Este finca con refª catastral nº 15074A92101141; Oeste rúa do castro.

PARCELAS RESULTANTES TRAS A SEGREGACIÓN E POSTERIOR AGRUPACIÓN:

A PARCELA B, segrégase en dos partes iguais, resultando a Parcela B1, de 264,08 m² e a Parcela B2 de 264,08 m², que se agregan á PARCELA A e á PARCELA C respectivamente, resultando finalmente:

PARCELA A1: Propiedade da Sra. Benita Saiñas Pérez e Sr. David Gude de acordo co levantamento e medición realizada e contemplada no Proxecto cunha superficie de 792,24 m² que linda: Norte Parcela C1 resultante da segregación; Sur finca con refª catastral nº 15074A92101142; Este finca con refª catastral nº 15074A92101141; Oeste rúa do castro.

PARCELA C1: Propiedade da Sra. Benita Saiñas Pérez e Sra. Susana Gude Saiñas de acordo co levantamento e medición realizada e contemplada no Proxecto cunha superficie de 792,24 m² que linda: Norte finca con refª catastral nº 15074A92101141; Sur Parcela A1 resultante da segregación; Este finca con refª catastral nº 15074A92101141; Oeste rúa do castro.

SUPERFICIE DE CESIÓN A VIAIS: Segundo o Estudio Técnico redactado polo arquitecto técnico Sr. Manuel Vidal García e segundo informe do arquitecto técnico municipal Sr. Jesús García Ramos nas parcelas resultantes non corresponde cesión por respetar aliñación de 8 metros ao eixo do vial establecido no PXOM.

PROMOTOR/A: Sra. Benita Saiñas Pérez, Sra. Susana Gude Saiñas e Sr. David Gude Saiñas.

PROXECTO: Estudio Técnico de Segregación e Agrupación de Parcela de agosto de 2017 / Plano de parcelas resultantes / Escritura de Propiedade.

AUTOR/A PROXECTO: Sr. Manuel Vidal García.

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- Pola Sra. Benita Saiñas Pérez, Sra. Susana Gude Saiñas e Sr. David Gude Saiñas, solicitábase, en escrito rexistrado de entrada na data 17 de agosto e 5 de setembro de 2017, (Rexistro de entrada nº 13.549 e 14.262), licenza de segregación e posterior agrupación de parcelas con refª catastrais nº 15074A92101316 – 15074A92101317 e 15074A92101318, sitas na Rúa do Castro, Castiñeiras, Riveira, achegándose Estudio Técnico de Segregación e Agrupación de





Parcela de agosto de 2017, Plano de parcelas resultantes redactados polo Sr. Manuel Vidal García Escritura de Propiedade.

Segundo.- O Arquitecto Técnico Municipal Jesús García Ramos emite informe técnico favorable na data 6 de setembro de 2017, analizando en sentido favorable o axuste da segregación pretendida ás determinacións da Lei do Solo de Galicia e do Planeamento Municipal, ademais, considerando que nas parcelas resultantes levántase edificacións, conséntase polo mencionado técnico que ao respetarse a ocupación e edificabilidade máximas posibles correspondentes ao tipo de solo no que se encadra, cúmplase a relación entre superficie de parcela e superficie edificable, co seguinte tenor literal:

“
(...)

Considérase que a parcelación proposta cumpre co disposto na legislación urbanística vixente, así como cos parámetros urbanísticos fixados no planeamento municipal, polo que se informa favorablemente a solicitude aos efectos oportunos.”

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- A parcela obxecto da segregación clasifícanse no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Riveira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de data 14.01.03 e no D.O.G. do 20.03.03, como **SOLO URBANO CONSOLIDADO ORDENANZA 6.3-A RESIDENCIAL EXTENSIVA UNIFAMILIAR ILLADA.**

Segundo.- O procedemento de outorgamento de licenzas ven regulado no artigo 143 da LOUG, onde se establece que as licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos, en ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades ou dereitos que contraveñan a ordenación territorial ou urbanística.


A competencia para outorgar as licenzas correspóndelles aos municipios, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local. As peticións de licenza resolverase no prazo de tres meses, contado desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do Concello.

Para o outorgamento da licenza solicitada serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.

As solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá achegarse proxecto técnico completo redactado por técnico competente, na forma e co contido que se determine regulamentariamente.

Unha vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, e o seu autor responde da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados nel.

A estes efectos no expediente consta Estudio Técnico de Segregación e Agrupación de Parcela de agosto de 2017, Plano de parcelas resultantes redactados polo Sr. Manuel Vidal García Escritura de Propiedade.





Transcurrido este prazo sen se comunicar ningún acto, terá os efectos establecidos de conformidade co disposto nos artigos 21 e ss da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Cuarto.- O artigo 148 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia dispón que considerarase parcelación urbanística a división de terreos en dous ou máis lotes a fin da súa edificación.

Quinto.- O artigo 149 establece que no solo rústico non se poderán realizar segregacións, agás no suposto de execución de infraestruturas e dotacións e no caso de parcelas vinculadas a instalacións ou explotacións que fosen declaradas de utilidade pública e beneficiarias de expedientes de expropiación.

No obstante, permítense segregacións coa finalidade de reorganizar a propiedade, sempre e cando non resulte un maior número de parcelas respecto do orixinariamente existente.

Sexto.- O artigo 150 establece que non se poderán efectuar ningunha parcelación urbanística sen que previamente fose aprobado o planeamento urbanístico exixible segundo a clase de solo de que se trate e o instrumento de xestión correspondente. Queda prohibido en solo rústico a realización de parcelacións urbanísticas.

Non se poderá realizar ningunha parcelación que dea lugar a lotes de superficie ou dimensións inferiores ás determinadas como mínimas no planeamento, agás que os ditos lotes sexan adquiridos simultaneamente polos propietarios de terreos lindeiros co fin de agrupalos cos seus predios para constituir un novo.

Serán indivisibles as parcelas edificables conforme una relación determinada entre superficie de solo e superficie construíble, cando se edifique a correspondente a toda a superficie do solo, ou, no suposto de que se edifique a correspondente só a unha parte dela, a restante, se é inferior á parcela mínima, coas excepcións indicadas no apartado anterior.


En ningún caso se considerarán soares, nin se permitirá edificar neles, os lotes resultantes dunha parcelación efectuada con infracción das disposicións desta lei.

Toda parcelación urbanística, segregación ou división de terreos comportará a obriga da cesión dos terreos situados fóra das aliñacións establecidas polo planeamento.

Toda parcelación urbanística, segregación ou división de terreos quedará suxeita a licenza municipal, agás que o concello declare a súa innecesariedade. Será innecesario o outorgamento de licenza cando a división ou segregación sexa consecuencia de:

- a) A aprobación dun proxecto de compensación, reparcelación ou expropiación.
- b) A execución de infraestruturas e dotacións públicas.
- c) O outorgamento polo planeamento de distinta clasificación ou cualificación da parcela de orixe.

Os notarios e rexistradores da propiedade exixirán para autorizar e inscribir, respectivamente, escrituras de división de terreos resolución administrativa na que





se acredite o outorgamento da licenza municipal ou declaración da súa innecesariedade.

Sétimo.- O Real Decreto 1000/2010 de 5 de agosto establece os traballos profesionais que deben someterse a visado colexial obligatorio, concretando asemade o réxime xurídico aplicable aos mesmos.

Oitavo.- No caso que nos ocupa, e visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, ao se-lo órgano municipal competente de conformidade co Decreto de delegación de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local de data 1.7.15.

Polo anteriormente exposto, da documentación obrante no expediente e visto o informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Técnico Municipal Jesús García Ramos na data 6 de setembro de 2017, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 05/10/2017, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Primeiro.- CONCEDER a Sra. Benita Saíñas Pérez, Sra. Susana Gude Saíñas e Sr. David Gude Saíñas a **LICENZA DE SEGREGACIÓN (Nº 8/17) e POSTERIOR AGRUPACIÓN DE PARCELAS** con refª catastrais nº 15074A92101316 – 15074A92101317 e 15074A92101318, sitas na Rúa do Castro, Castiñeiras, Riveira, solicitada nos termos do Estudio Técnico de Segregación e Agrupación de Parcela de agosto de 2017, Plano de parcelas resultantes redactados polo Sr. Manuel Vidal García arquitecto técnico (col. nº 807), do seguinte xeito:

- **PARCELAS INICIAIS: PARCELA A:** Propiedade do Sr. David Gude Saíñas, con refª catastral nº 15074A92101316 de acordo ca documentación catastral conta cunha superficie de 534,00 m², de acordo co levantamento taquimétrico segundo medición realizada e contemplada no Proxecto a superficie da finca é de 528,16 m² que linda: Norte parcela B; Sur finca con refª catastral nº 15074A92101142; Este finca con refª catastral nº 15074A92101141; Oeste rúa do castro. **PARCELA B:** Propiedade da Sra. Benita Saíñas Pérez, con refª catastral nº 15074A92101317 de acordo ca documentación catastral conta cunha superficie de 522,00 m², de acordo co levantamento taquimétrico segundo medición realizada e contemplada no Proxecto a superficie da finca é de 528,16 m² que linda: Norte parcela C; Sur Parcela A; Este finca con refª catastral nº 15074A92101141; Oeste rúa do castro. **PARCELA C:** Propiedade da Sra. Susana Gude Saíñas, con refª catastral nº 15074A92101318 de acordo ca documentación catastral conta cunha superficie de 528,00 m², de acordo co levantamento taquimétrico segundo medición realizada e contemplada no Proxecto a superficie da finca é de 528,16 m² que linda: Norte finca con refª catastral nº 15074A92101141; Sur Parcela B; Este finca con refª catastral nº 15074A92101141; Oeste rúa do castro.





- **PARCELAS RESULTANTES TRAS A SEGREGACIÓN E POSTERIOR AGRUPACIÓN:** A **PARCELA B**, segrégase en dos partes iguais, resultando a Parcela B1, de 264,08 m² e a Parcela B2 de 264,08 m², que se agregan á **PARCELA A** e á **PARCELA C** respectivamente, resultando finalmente:
- **PARCELA A1:** De acordo co levantamento e medición realizada e contemplada no Proxecto cunha superficie de 792,24 m² que linda: Norte Parcela C1 resultante da segregación; Sur finca con ref^a catastral nº 15074A92101142; Este finca con ref^a catastral nº 15074A92101141; Oeste rúa do castro.
- **PARCELA C1:** De de acordo co levantamento e medición realizada e contemplada no Proxecto cunha superficie de 792,24 m² que linda: Norte finca con ref^a catastral nº 15074A92101141; Sur Parcela A1 resultante da segregación; Este finca con ref^a catastral nº 15074A92101141; Oeste rúa do castro.

Segundo.- En atención ao artigo 65 do Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana, a eficacia de dita regularización de parcelas **QUEDA SUBORDINADA Á ELEVACIÓN DO ACTO ADMINISTRATIVO E FORMALIZACIÓN EN ESCRITURA PÚBLICA E INSCRIPCIÓN NO REXISTRO DA PROPIEDAD.**

Terceiro.- O prazo de caducidade da licenza é de 3 anos contados a partir da notificación da licenza, podendo ser declarada a caducidade pola administración municipal logo de procedemento con audiencia do interesado, (artigo 145 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia).

Cuarto.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*





**RESOLUCIÓN DE CORRECCIÓN DE ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
NA SESIÓN CELEBRADA EN DATA 02/03/2017.**

Visto o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada en data 02/03/2017, relativo á *"Resolución en relación a escrito presentado por José Alfonso González no que se presenta a renuncia da solicitude de licenza de segregación de parcela"*, advertido un erro na transcripción do citado acordo polo que se omite un punto relativo á anulación da liquidación de licenzas de obras, según informe emitido polo interventor acctal.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda que se proceda á corrección do citado erro, resultando o acordo tal como segue:

RESOLUCIÓN EN RELACIÓN A ESCRITO PRESENTADO POR JOSÉ ALFONSO GONZÁLEZ NO QUE SE PRESENTA A RENUNCIA DA SOLICITUDE DE LICENZA DE SEGREGACIÓN DE PARCELA.

FINALIDADE DA LICENZA DE OBRA: Segregación de parcela.

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano.

SITUACIÓN: Rúa Andrés Torres Queiruga nº 10-14, Aguiño, Riveira.

PROMOTOR/A: José Alfonso González.

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

1.- Por Andrés Fernández Fuentes actuando en nome e representación de José Alfonso González, solicitábase, en escrito rexistrado de entrada na data 9.6.16, (Rexistro de entrada nº 7.303), licenza de segregación de parcelas sitas na Rúa Andrés Torres Queiruga nº 10-14, Aguiño, Riveira.

3.- Posteriormente por José Alfonso González, preséntase en escrito rexistrado de entrada na data 18.11.16, (Rexistro de entrada nº 15.094), que:

"

(...)

Sexa cancelada a tramitación do citado expediente."

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1.- O artigo 94 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas establece que:

1. Todo interesado poderá desistir da súa solicitude o, cando elo non esté prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos.

2. Si o escrito de iniciación se houbera formulado por dous o mais interesados, o desistimento ou a renuncia sóo afectará a aqueles que a houberen formulado.





3. Tanto o desistimento como a renuncia poderán facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as firmas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable.

4. A Administración aceptará de plano o desistimento ou a renuncia, e declarará concluído o procedemento salvo que, habéndose persoado no mesmo terceiros interesados, instasen éstos a súa continuación no prazo de dez días desde que foron notificados do desistimento.

5. Si a cuestión suscitada pola incoación do procedemento entrañase interés xeral o fora conveniente sustanciarla para a súa definición e esclarecemento, a Administración poderá limitar os efectos do desistimento ou a renuncia ao interesado e seguirá o procedemento.

Polo anteriormente exposto, visto o informe emitido polo Arquitecto Municipal Alberto Iglesias Fungueiriño na data 5 de agosto de 2016, visto o escrito presentado por José Alfonso González, rexistrado de entrada na data 18.11.16, (Rexistro de entrada nº 15.094), visto o informe de anulación de liquidación de licenzas de obras emitido en sentido favorable polo Interventor acetal., Jorge González Mariño, de data 13/02/2017, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral, José Martínez de Llano Orosa, de data 13/02/2017, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

Primeiro.- ACEPTAR A RENUNCIA da solicitude de licenza municipal de segregación de parcelas presentada por José Alfonso González sitas na Rúa Andrés Torres Queiruga nº 10-14, Aguiño, Riveira, **DECLARANDO CONCLUSO O PROCEDIMENTO E O ARQUIVO DO EXPEDIENTE ADMINISTRATIVO DE REFERENCIA.**

Segundo.- Que se proceda á **anulación da liquidación nº 201665939** polo importe de **3.087,03 €** relativa á segregación con expediente de obras nº 310/2016, según o sinalado no citado informe de intervención.

Terceiro.- Notificar a presente resolución ós interesados en cumprimento do disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.


RESOLUCIÓN EN RELACIÓN Á SOLICITUDE DE LICENZA DE SEGREGACIÓN DE PARCELAS - COMERCIAL MALLO AREA, S.L.

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Industrial con aplicación do Plan Parcial do Polígono de Xarás.

SITUACIÓN: Pinar Grande de Xarás, Lugar de Xarás, Riveira.

REFª CATASTRAL: 15074A938017710000UZ.

FINCA MATRIZ: Finca con refª catastral nº 15074A938017710000UZ, que de acordo coas escrituras de propiedade e documentación catastral conta cunha superficie de 9.676,00 m², de acordo co levantamento taquimétrico segundo medición realizada e contemplada no proxecto a superficie da finca é de 3.225,09 m² que linda: Norte resto da finca matriz; Sur de Sr. Daniel Mallo realmente de ALUMINIOS MALLO AREA S.L.; Este dita finca matriz realmente ECOFLOAT GALICIA S.L.; Oeste estrada de Riveira a Noia AC-550.





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

FINCAS RESULTANTES TRAS A SEGREGACIÓN:

FINCA A de acordo co levantamento e medición realizada e contemplada no Proxecto cunha superficie resultante de 1.399,00 m² que linda: Norte resto finca matriz; Sur de Sr. Daniel Mallo realmente de ALUMINIOS MALLO AREA S.L.; Este dita finca matriz realmente ECOFLOAT GALICIA S.L.; Oeste estrada de Riveira a Noia AC-550. Superficie de cesión: 69,00 m²

RESTO DA FINCA MATRIZ de acordo co levantamento e medición realizada e contemplada no Proxecto cunha superficie resultante de 1.826,09 m² que linda: Norte resto da finca matriz; Sur finca A resultante da segregación; Este dita finca matriz realmente ECOFLOAT GALICIA S.L.; Oeste estrada de Riveira a Noia AC-550. Superficie de cesión: 86,37 m².

SUPERFICIE DE CESIÓN A VIAIS: Deberá ceder a dominio e uso público os terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñacións establecidas polo planeamento, que segundo o Estudio Técnico redactado polo arquitecto técnico Sr. José Ramón Boo Rey e segundo informe segundo o arquitecto técnico municipal Sr. Jesús García Ramos comprende unha superficie total de cesión de 155,37 m², resultando na franxa sita no lindeiro da finca A unha superficie de cesión de 69,00 m², e no lindeiro do Resto da Finca Matriz unha superficie de cesión de 86,37 m².

PROMOTOR/A: COMERCIAL MALLO AREA S.L., (CIF, B-15243918).

AUTOR/A PROXECTO: Sr. José Ramón Boo Rey.

PROXECTO: Estudio Técnico de Segregación de Parcelas de xuño de 2017 / Plano de cesión de setembro de xullo de 2017 / Escritura de Propiedade.

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO


Primeiro.- Pola entidade COMERCIAL MALLO AREA S.L., solicitábase, en escritos rexistrados de entrada nas datas 18 de xullo, 7, 13 e 14 de setembro de 2017, (Rexistro de entrada nº 12.367, 14.407, 14.677e 14.740), licenza de segregación de parcela denominada "Pinar Grande de Xarás", con refª catastral nº 15074A938017710000UZ, sita no lugar de Xarás, Riveira, achegándose Estudio Técnico de Segregación de Parcelas de xuño de 2017, Plano de cesión de setembro de xullo de 2017 redactado polo arquitecto técnico Sr. José Ramón Boo Rey así como Escritura de Propiedade.

Segundo.- O arquitecto técnico municipal Sr. Jesús García Ramos emite informe técnico favorable na data 18 de setembro de 2017, sinalando que en cada unha das novas fincas resultantes se cumpren as condicións de parcela e fronte mínimos, se informa favorablemente a segregación e posterior agrupación pretendida por cumprir ás determinacións e parámetros urbanísticos da LOUGA e do Planeamento Municipal facendo constar que:

(...)

Como se manifestó en el encabezamiento de este informe se comprueba diferencia entre la cabida según información catastral de 9.676,00 m² y la cabida real comprobada de 3.225,09 m². En cuanto a las restantes condiciones se informa que se ajustan a la legalidad urbanística y se establece una cesión a uso y dominio público según documento adjunto.

(...)





”

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- A parcela obxecto da segregación clasifícanse no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Riveira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de data 14.01.03 e no D.O.G. do 20.03.03, como como **SOLO URBANO** con aplicación de **NORMATIVA PLAN PARCIAL DO POLÍGONO DE XARÁS**.

Segundo.- O artigo 142 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, dispón que a licenza urbanística e a comunicación previa teñen por finalidade o sometemento ao control municipal dos actos de edificación e uso do solo.

Terceiro.- O procedemento de outorgamento de licenzas ven regulado no artigo 143 da Lei do Solo, onde se establece que as licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos, en ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades ou dereitos que contraveñan a ordenación territorial ou urbanística.

A competencia para outorgar as licenzas correspóndelles aos municipios, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local. As peticións de licenza resolverase no prazo de tres meses, contado desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do Concello.

Para o outorgamento da licenza solicitada serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.

As solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá achegarse proxecto técnico completo redactado por técnico competente, na forma e co contido que se determine regulamentariamente.

Unha vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, e o seu autor responde da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados nel.

A estes efectos no expediente consta Estudio Técnico de Segregación de Parcelas de xuño de 2017, Plano de cesión de setembro de xullo de 2017 redactado polo arquitecto técnico Sr. José Ramón Boo Rey así como Escritura de Propiedade.

Transcurrido este prazo sen se comunicar ningún acto, terá os efectos establecidos de conformidade co disposto nos artigos 21 e ss da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Para outorgar a licenza de primeira ocupación de edificacións, logo da visita de comprobación dos servizos técnicos municipais, exíxrase certificado final de obra de técnico competente no que conste que as obras están completamente terminadas e se axustan á licenza outorgada.

Poderán outorgarse licenzas de primeira ocupación parciais, por edificios ou portais completos, nos termos e condicións que se determinen regulamentariamente.

Cuarto.- O artigo 144 da Lei do Solo regula a prelación de licenzas e outros títulos administrativos.

Cando os actos de edificación e uso do solo e do subsolo sexan realizados en terreos de dominio público, exíxiranse as autorizacións ou concesións preceptivas





previas por parte do titular do dominio público. A falta destas ou a súa denegación impedirlle ao órgano competente outorgar a licenza e ao particular obter o título habilitante.

Cando a obra teña por obxecto o desenvolvemento dunha actividade, consignarase expresamente esa circunstancia.

No suposto de que os actos de edificación e uso do solo e do subsolo suxeitos a licenza urbanística requiran a previa avaliación de impacto ambiental, non se poderá outorgar a licenza municipal con anterioridade á declaración de impacto ou efectos ambientais ditada polo órgano ambiental competente, ou cando for negativa ou se incumprisen as medidas correctoras determinadas nela.

Non se poderá presentar a comunicación previa nin conceder licenza sen que se acredite o previo outorgamento das autorizacións urbanísticas ou sectoriais doutras administracións públicas, cando sexan procedentes de acordo co disposto nesta lei.

Quinto.- O artigo 145 da Lei do Solo establece que no acto de outorgamento da licenza de edificación determinaranse os prazos de caducidade por causa de demora na iniciación e finalización das obras, así como por causa de interrupción delas.

Na súa falta, o prazo de iniciación non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, desde a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

Os municipios poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.

No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.


A caducidade será declarada pola administración municipal logo do procedemento con audiencia ao interesado.

Sexto.- O artigo 147 da Lei do Solo establece que os actos relacionados no artigo 142 que promovan órganos das administracións públicas ou de dereito público estarán suxeitos a control municipal por medio da obtención de licenza municipal ou comunicación previa, agás os supostos exceptuados pola lexislación aplicable.

As obras públicas municipais entenderanse autorizadas polo acordo de aprobación do proxecto logo da acreditación no expediente do cumprimento da lexislación urbanística e sectorial, así como do planeamento en vigor.

Sétimo.- O artigo 148 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia dispón que considerarase parcelación urbanística a división de terreos en dous ou máis lotes a fin da súa edificación.

Oitavo.- O artigo 149 establece que no solo rústico non se poderán realizar segregacións, agás no suposto de execución de infraestruturas e dotacións e no caso de parcelas vinculadas a instalacións ou explotacións que fosen declaradas de utilidade pública e beneficiarias de expedientes de expropiación.





No obstante, permítense segregacións coa finalidade de reorganizar a propiedade, sempre e cando non resulte un maior número de parcelas respecto do orixinariamente existente.

Noveno.- O artigo 150 establece que non se poderán efectuar ningunha parcelación urbanística sen que previamente fose aprobado o planeamento urbanístico exixible segundo a clase de solo de que se trate e o instrumento de xestión correspondente. Queda prohibido en solo rústico a realización de parcelacións urbanísticas.

Non se poderá realizar ningunha parcelación que dea lugar a lotes de superficie ou dimensións inferiores ás determinadas como mínimas no planeamento, agás que os ditos lotes sexan adquiridos simultaneamente polos propietarios de terreos lindeiros co fin de agrupalos cos seus predios para constituir un novo.

Serán indivisibles as parcelas edificables conforme una relación determinada entre superficie de solo e superficie construíble, cando se edifique a correspondente a toda a superficie do solo, ou, no suposto de que se edifique a correspondente só a unha parte dela, a restante, se é inferior á parcela mínima, coas excepcións indicadas no apartado anterior.

En ningún caso se considerarán soares, nin se permitirá edificar neles, os lotes resultantes dunha parcelación efectuada con infracción das disposicións desta lei.

Toda parcelación urbanística, segregación ou división de terreos comportará a obriga da cesión dos terreos situados fóra das aliñacións establecidas polo planeamento.

Toda parcelación urbanística, segregación ou división de terreos quedará suxeita a licenza municipal, agás que o concello declare a súa innecesariedade. Será innecesario o outorgamento de licenza cando a división ou segregación sexa consecuencia de:

- d) A aprobación dun proxecto de compensación, reparcelación ou expropiación.
- e) A execución de infraestruturas e dotacións públicas.
- f) O outorgamento polo planeamento de distinta clasificación ou cualificación da parcela de orixe.

Os notarios e rexistradores da propiedade exixirán para autorizar e inscribir, respectivamente, escrituras de división de terreos resolución administrativa na que se acredite o outorgamento da licenza municipal ou declaración da súa innecesariedade.

Decimo.- Establece o artigo 357 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia:

1. As peticións de licenza resolveranse no prazo de tres meses, contados desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do concello (artigo 143.2 da LSG).

Ese prazo suspenderase de conformidade co disposto no artigo 354.2 así como nos casos previstos na lexislación sobre procedemento administrativo común das administracións públicas.





2. As licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos vixentes no momento da súa concesión.

3. As resolucións sobre o outorgamento ou denegación de licenzas urbanísticas deben ser motivadas e congruentes co solicitado, con explícita referencia ás normas ou determinacións do planeamento que se incumpran.

4. A resolución mediante a cal se outorgue a licenza deberá consignar expresamente, ademais de calquera outra especificación requirida polas disposicións vixentes e o que o órgano competente considere oportuno incluír, os seguintes aspectos:

- a) Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación.
- b) Finalidade da actuación e uso a que se destinará.
- c) Altura, volumes e ocupación de parcela permitidos.
- d) Orzamento de execución material.
- e) Situación e localización das obras, coa súa identificación catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral, de encontrarse inscrito.
- f) Nome ou razón social da persoa promotora.
- g) Técnico autor do proxecto e, se é o caso, dirección facultativa das obras e técnico coordinador de seguridade e saúde.
- h) Prazos para o inicio e remate das obras e posibilidade de solicitar prórrogas.
- i) Calquera outro dato que se considere oportuno en aplicación da normativa aplicable e das condicións singulares en función da tipoloxía do acto de uso do solo ou do subsolo autorizado.

5. Concedida a licenza, selaranse e dilixenciaranse os distintos documentos e todos os planos que integran o proxecto técnico para a debida constancia do contido daquela.

6. Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

Decimoprimeiro.- O Real Decreto 1000/2010 de 5 de agosto establece os traballos profesionais que deben someterse a visado colexial obligatorio, concretando asemade o réxime xurídico aplicable aos mesmos.

Decimosegundo.- No caso que nos ocupa, e visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, ao se-lo órgano municipal competente de conformidade co Decreto de delegación de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local de data 1 de xullo de 2015.

Polo anteriormente exposto da documentación obrante no expediente, visto o informe técnico favorable emitido polo Sr. Jesús García Ramos na data 18 de setembro de 2017, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 28/09/2017, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**





Primeiro.- CONCEDER á entidade **COMERCIAL MALLO AREA S.L.a LICENZA DE SEGREGACIÓN DE FINCA (Nº 9/17)** con refª catstral nº 15074A938017710000UZ denominada “Pinar Grande de Xarás” sita no lugar de Xarás, Riveira, solicitada nos termos Estudio Técnico de Segregación de Parcelas de xuño de 2017, Plano de cesión de setembro de xullo de 2017 redactado polo arquitecto técnico Sr. José Ramón Boo Rey resultando finalmente dous parcelas de modo que:

- **FINCA MATRIZ:** Finca con refª catastral nº 15074A938017710000UZ, que de acordo coas escrituras de propiedade e documentación catastral conta cunha superficie de 9.676,00 m², de acordo co levantamento taquimétrico segundo medición realizada e contemplada no Proxecto a superficie da finca é de 3.225,09 m² que linda: Norte resto da finca matriz; Sur de Sr. Daniel Mallo realmente de ALUMINIOS MALLO AREA S.L.; Este dita finca matriz realmente ECOFLOAT GALICIA S.L.; Oeste estrada de Riveira a Noia AC-550.
- **FINCAS RESULTANTES TRAS A SEGREGACIÓN: FINCA A** de acordo co levantamento e medición realizada e contemplada no Proxecto cunha superficie resultante de 1.399,00 m² que linda: Norte resto finca matriz; Sur de Sr. Daniel Mallo realmente de ALUMINIOS MALLO AREA S.L.; Este dita finca matriz realmente ECOFLOAT GALICIA S.L.; Oeste estrada de Riveira a Noia AC-550. Superficie de cesión: 69,00 m²
- **RESTO DA FINCA MATRIZ** de acordo co levantamento e medición realizada e contemplada no Proxecto cunha superficie resultante de 1.826,09 m² que linda: Norte resto da finca matriz; Sur finca A resultante da segregación; Este dita finca matriz realmente ECOFLOAT GALICIA S.L.; Oeste estrada de Riveira a Noia AC-550. Superficie de cesión: 86,37 m².

Segundo.- En atención ao artigo 65 do Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana, a eficacia de dita regularización de parcelas **QUEDA SUBORDINADA Á ELEVACIÓN DO ACTO ADMINISTRATIVO E FORMALIZACIÓN EN ESCRITURA PÚBLICA E INSCRIPCIÓN NO REXISTRO DA PROPIEDAD QUE INCLUIRÁ A SUPERFICIE DE CESIÓN.**

Deberá ceder a dominio e uso público os terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñeacións establecidas polo planeamento, que segundo o Estudio Técnico redactado polo arquitecto técnico Sr. José Ramón Boo Rey e segundo informe segundo o arquitecto técnico municipal Sr. Jesús García Ramos comprende unha superficie total de cesión de 155,37 m², resultando na franxa sita no lindeiro da finca A unha superficie de cesión de 69,00 m², e no lindeiro do Resto da Finca Matriz unha superficie de cesión de 86,37 m².

Asimesmo deberá completar a dotación de servizos mínimos urbanísticos previa o simultaneamente coa futura construción da edificación ata as aliñacións e no seu caso reforzalos ata os puntos de rede suficiente.





Terceiro.- O prazo de caducidade da licenza é de 3 anos contados a partir da notificación da licenza, podendo ser declarada a caducidade pola administración municipal logo de procedemento con audiencia do interesado, (artigo 145 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia).

Cuarto.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

XI.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.


RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR DONA JOSEFA LOJO PARADA POLOS DANOS E LESIÓNS SUFRIDOS COMO CONSECUENCIA DUNHA CAÍDA NA RÚA DE GALICIA. Expediente: RP/12/2016.

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **Dona Josefa Lojo Parada**, co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos e lesións sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

FEITOS

Primeiro.- O día 06 de marzo de 2014, sendo aproximadamente ás 12:00 horas, dona Josefa Lojo Parada ía camiñando pola Rúa de Galicia, cando á altura do establecemento comercial denominado "*INSIDE*" tropezou ao atoparse parcialmente levantadas varias lousas de pedra da vía pública, o que provocou que caera ao chan, golpeándose en diversas partes do seu corpo.

Segundo.- Como consecuencia da caída, a Sra. Lojo Parada tivo que ser atendida no Centro de Saúde, onde a derivaron para o Hospital da Barbanza, no que lle diagnosticaron fractura subcapital de úmero esquerdo non desprazada, o que trouxo como consecuencia que lle tiveran que inmovilizar o ombro e o brazo esquerdos durante un período de tres meses, para, posteriormente realizar





rehabilitación e mobilización progresiva, sendo dada de alta no mes de xuño de 2015, tras 15 meses de tratamento médico.

Terceiro.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 12/05/2016 co número 5.561, dona Josefa Lojo Parada promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Riveira polas lesións sufridas pola mencionada caída, considerando que, en aplicación da Resolución do 05/03/2014 da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, pola que se publican as contías das indemnizacións por morte, lesións permanentes e incapacidade temporal que resultarán de aplicar durante 2014 o sistema para a valoración dos danos e prexuízos causados ás persoas en accidentes de circulación, debe ser indemnizada na cantidade total de 16.570 euros, cantidade que analiza do seguinte xeito:

- Días impositivos: 90 días (58,41 euros x día) = 5.256 euros.
- Días non impositivos: 360 días (31,43 euros x día) = 11.314 euros.

Co seu escrito de reclamación achega a seguinte documentación: plano no que se sinala o lugar do accidente; unha fotografía da rúa sinalando o lugar do accidente; informe médico emitido na data 11 de xuño de 2015, polo doutor David Blanco Mella do Hospital da Barbanza; informe do servizo de urxencias do Hospital da Barbanza; 7 fotografías; e copia da Resolución do 05/03/2014, da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións, pola que se publican as contías das indemnizacións por morte, lesións permanentes e incapacidade temporal que resultarán de aplicar durante 2014 o sistema para valoración dos danos e prexuízos causados ás persoas en accidentes de circulación.

Cuarto.- Na instrución do expediente de responsabilidade, xuntáronse a el:

- Informe emitido na data 12/01/2017 pola Policía Local.
- Acta de práctica de proba testemuñal realizada na data 07/02/2017.
- Informe emitido na data 10/05/2017 pola enxeñeira municipal.
- Informes médicos achegados pola interesada mediante escritos rexistrados de entrada na data 09/01/2017 co número 176, e na data 07/02/2017 co número 1.858.


Quinto.- Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles, sen que conste a presentación de alegacións polos interesados.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.-

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 01/07/2015.

Segundo.-





Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de procedemento das administración públicas e do procedemento administrativo común, observando as especialidades previstas no R.D. 429/1993, do 26 de marzo, que prevé algunhas peculiaridades para os procedementos sobre responsabilidade patrimonial (normativa aplicable ao procedemento que nos ocupa, de acordo co previsto na letra a) da disposición transitoria terceira da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas).

Terceiro.-


O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliable economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 141 da Lei 30/1992, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación de expropiación forzosa, lexislación fiscal e demais normas aplicables, ponderándose no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo do disposto, respecto dos intereses de demora, pola Lei Xeral Orzamentaria. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para logra-la reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O parágrafo 5 do artigo 142 da Lei 30/1992, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico, ás persoas o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.





Cuarto.-

En referencia agora ó presente caso, está lexitimada a Sra. Josefa Lojo Parada para deducir a reclamación de indemnización dos danos e lesións que pretende por ter sufrido as consecuencias lesivas do accidente ocorrido na rúa de Galicia, e fíxoo en tempo e forma idóneas, por canto formulou a súa petición antes de transcorrido un ano a contar desde a súa curación.


A lexitimación pasiva, pola súa parte, corresponde ó Concello de Riveira, por ser o titular da rúa na que ocorreu o accidente, e, polo tanto, ser a Administración responsable da vixilancia e conservación da mesma, pois de conformidade co disposto nos artigos 25.1 d) e 26.1 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, os municipios teñen competencia en materia de "infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade", debendo prestar, en todo caso, o servizo de "pavimentación de vías públicas urbanas", o que necesariamente inclúe o seu mantemento.

Centrándonos agora na análise da reclamación propiamente dita, o que si parece claramente acreditado é a realidade das lesións sufridas pola Sra. Lojo Parada. Así se deduce dos partes médicos que achega a reclamante.

Sen embargo, e logo de dar por sentado que non se aprecia a concorrencia dunha causa ou circunstancia de forza maior, cómpre facer estimación da existencia de nexo de causalidade entre o funcionamento do servizo público municipal e as lesións producidas, por canto a reclamante conecta as súas lesións co estado defectuoso no que se atopaba a rúa de Galicia, ao existir varias lousas de pedra do pavimento da rúa parcialmente levantadas, sen que houbera ningunha sinal que advertise da existencia dese defecto na rúa.

Da documentación achegada ao expediente na fase de instrución, resulta que:


- A Policía Local do Concello de Riveira, non puido determinar o estado no que se atopaba o lugar da caída, nin tampouco puido determinar si o estado da rúa foi a causa da caída sufrida pola Sra. Lojo Parada, xa que consultados os arquivos policiais non existe constancia do accidente polo que se reclama.
- As testemuñas ás que se tomou declaración no procedemento administrativo, afirman que viron á reclamante caer ao chan polo que acudiron a prestarlle axuda, pero aclaran que non saben exactamente en que punto caeu e que non a viron tropezar con ningunha lousa, manifestando que na zona onde tivo lugar a caída había partes do pavimento que non estaban en bo estado e que escoitaron dicir que había unha lousa que se movían e algunhas gretas.
- Especialmente significativo é o informe emitido pola enxeñeira municipal na data 10/05/2017, xa que aínda que afirma que non tivo constancia da caída da Sra. Lojo Parada, si ten coñecemento do estado da rúa de Galicia na data do accidente, xa que nas dependencias municipais consta o proxecto de "*Reposición do pavimento das rúas de Galicia, Santa Uxía e Praza de Compostela*", redactado en marzo de 2014 polos servizos técnicos do





Concello de Riveira, que incorpora un estudio fotográfico das rúas coa mesma data na que tivo lugar a caída da reclamante. Afirmar a enxeñeira que: *"(...) en la fotografía que se adjunta a este informe con el número 1, se puede apreciar el tramo de la calle en dirección hacia la calle Rosalía de Castro, y en el que aparece, aunque algo alejada, la tienda de ropa denominada "Inside" (IN), que es el lugar donde cayó la reclamante según ella misma indica en su reclamación. En la fotografía que se adjunta a este informe con el número 2, también se aprecia el tramo de la calle en el que se sitúa el referido establecimiento, pero tomada en dirección contraria (hacia el final de la rúa de Galicia). En ambas fotografías se aprecia que en ese tramo de la calle el pavimento está en buen estado, que no existe un deterioro general, que está bien ejecutado, que parte del pavimento, formando hileras, es de adoquín, material que presenta cierta irregularidad, pero esta característica también hace que sea más seguro y antideslizante. Sí se aprecia, en la fotografía número 2, varias losetas contiguas mal colocadas, sobresalilendo los bordes de las mismas, y que coinciden con el inicio de ese tramo de la rúa de Galicia, pero que no se corresponde en el lugar de la caída, ya que la tienda de ropa "Inside", está situada unos cuantos metros más adelante. La fotografía que se adjunta a este informe con el número 3, es una ampliación de la fotografía número 2, ampliada con el fin de apreciar con mayor nitidez el estado de la calle cerca de la tienda de ropa "Inside", por ser el lugar de la caída. En ella observamos que en esa zona la calle está en buen estado, sin que se aprecie ningún tipo de defecto que pueda suponer un peligro para el caminar de los viandantes, ni ninguna loseta levantada que pudiese ser la causa de la caída de la Sra. Lojo Parada. Por último, es necesario aclarar que la obra consistente en la reposición del pavimento de la rúa de Galicia y otras calles, se realizó con el fin de cambiar el carril central de la calle, que, en otros tramos de la misma, sí se encontraba deteriorado, con losas rotas o mal colocadas, debido, sobre todo, al tráfico formado por los vehículos de reparto, camión de la limpieza, vehículos de residentes y otros vehículos a los que era difícil controlar su acceso a la calle, ya que las pilonas automáticas que limitaban el acceso de vehículos a la rúa de Galicia estaban continuamente averiadas. Se adjunta a este informe tres fotografías enumeradas con los números 1, 2 y 3, que forman parte del proyecto de reposición del pavimento de la rúa de Galicia y otras, y que están fechadas del día 06/03/2014."*

Da análise das probas referidas, e con base na documentación obrante no expediente, poderíase realizar unha certa aproximación aos feitos alegados - en tanto se constatou o padecemento dunha lesión por parte da reclamante, que obedeceu ao feito de ter sufrido unha caída-, pero o alcance probatorio do material xuntado ao expediente non é suficiente para entender que os feitos sucederon tal e como afirma a interesada, que tendo a carga da proba, é dicir, a obriga da demostración dos feitos que constitúen o vínculo causal entre o dano padecido e o servizo público ao que aquel se imputa, os únicos elementos probatorios que aporta son a súa propia manifestación, unhas fotografías da rúa que non están datadas e nas que non é posible apreciar con exactitude o tramo ou zona da rúa á que se





corresponden, e a declaración da súas testemuñas que a viron caer e acudiron a axudala, pero que non viron que a reclamante tropezara con ningunha lousa que estivese levantada, afirmando que a zona na que tivo lugar a caída había partes do pavimento que non estaban en bo estado e que tiñan escoitado dicir que había lousas que se movían, o que constitúe unha testemuña xenérica e indirecta do estado da rúa, polo que se entende que non existe unha proba sólida do modo de causación da caída.

Contrariamente, por parte desta Administración, a quen lle corresponde a carga de probar os feitos que impidan, extingan ou enerven a eficacia xurídica dos feitos alegados pola reclamante, queda demostrado, co informe emitido pola enxeñeira municipal, a inexistencia de defectos que puideran supoñer un perigo para a deambulación dos peóns e de lousas levantadas que puidesen ocasionar a caída da reclamante na data e no lugar preciso no que aquela afirma que tivo lugar o suceso.

Por todo o exposto, visto o ditame emitido ao respecto polo Consello Consultivo de Galicia (Nº CCG 328/17) de data 27/09/2017 (Rexistro de saída nº 628), e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 04/09/2017, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por dona Josefa Lojo Parada polas causas e fundamentacións expostas nos parágrafos precedentes.


XII.- VAOS PERMANENTES.

1.- Visto o escrito presentado por **José Francisco Parente Martínez**, de data 02/10/2017, no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmovible sito na Rúa da Fonte, nº 22 (Corrubedo).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 03/10/2017 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Conceder a **José Francisco Parente Martínez** autorización para a instalación dun senal de vao permanente (polo ancho da porta do garaxe), con praca e inscrición de nº de licenza, e reforzo de sinalización con liña amarela, na entrada ao garaxe do inmovible sito na Rúa da Fonte, nº 22 (Corrubedo).

- *De ser o caso, con carácter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*





2.- Visto o escrito presentado por **José Manuel Sampedro García**, de data 29/09/2017, no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada á finca sita na Rúa Canle, entre os nº 19 e 23 (Palmeira).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 02/10/2017 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Conceder a **José Manuel Sampedro García** autorización para a instalación dun sinaleiro de vao permanente (3,00 m.), con praca e inscrición de nº de licenza, na entrada á finca sita na Rúa Canle, entre os nº 19 e 23 (Palmeira).

- *De ser o caso, con carácter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*

3.- Visto o escrito presentado por **Manuel Torres Fernández**, de data 28/09/2017, no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao inmovible sito en Deán Pequeno, nº 38 (Riveira).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 01/10/2017 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Conceder a **Manuel Torres Fernández** autorización para a instalación dun sinaleiro de vao permanente (2,00 m.), con praca e inscrición de nº de licenza, na entrada ao inmovible sito en Deán Pequeno, nº 38 (Riveira).

- *De ser o caso, con carácter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*

XIII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

1.- Visto o escrito presentado por **Comunidade de Propietarios Edificio Lorenzo Mariño, nº 62 (Aguíño)**, no que solicita a instalación dun espello vial para facilitar a saída á Rúa Francisco Lorenzo Mariño, nº 62 (Aguíño) nunha zona de visibilidade reducida a consecuencia das obras de ampliación de beirarrúas e novos estacionamentos que a Deputación está realizando na dita rúa.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe emitido ao respecto pola Policía Local en data 02/10/2017, por unanimidade dos presentes, **acorda:**





a.- Autorizar a instalación dun espello vial para facilitar a saída á Rúa Francisco Lorenzo Mariño, nº 62 (Aguíño) debendo ser instalado na beirarrúa de enfrente aproveitando a existencia dunha farola do alumeadado público, según o sinalado no citado informe policial.

b.- Deberá ser o solicitante (Comunidade de Propietarios Edificio Lorenzo Mariño, nº 62 (Aguíño)) o que deberá asumir o custo da súa adquisición e mantemento, sendo o concello o encargado da súa instalación.

SOLICITUDES DE SUBVENCIONES.

Vista a proposta presentada polo **Concelleiro Delegado de Promoción e Dinamización Económica, Manuel Emilio Pérez Outeiral**, de data 03/10/2017, en relación á Orde do 11 de setembro de 2017 pola que se convocan subvencións no ámbito de colaboración coas entidades locais para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local para o exercicio 2017. (DOG nº 183, do 26 de setembro de 2017)

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Primeiro.- Solicitar á Consellería de Economía, Emprego e Industria a subvención para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local.

Segundo.- Aprobar o proxecto para o cal se solicita a subvención denominado "Oficina de desenvolvemento Local do Concello de Riveira".

A Presidencia levanta a sesión sendo as dez horas e trinta minutos do mesmo día, estendéndose a presente acta, da que, como secretario acctal., dou fe e certifico.

O Presidente da sesión



Mª Herminia Pouso Maneiro

Riveira, cinco de outubro de 2017

Dou fe, o secretario acctal.



José Martínez de Llano Orosa

